10 PROPOSTAS BÁSICAS

1. Aprobación, no primeiro ano de lexislatura do goberno elexido nas próximas eleccións, **da Lei Galega de Identidade de Xénero consensuada coas asociacións e activistas LGTBI de Galicia**.
2. **A carteira de servicios médicos** garantizará a despatoloxización da transexualidade, os tratamentos específicos e, no seu caso, as cirurxias de reasignación sexual necesarias, en todas as etapas da vida das persoas trans. Así mesmo, garantizará a creación dunha **unidade asistencial de referencia de identidade de xénero** que se especialice na formación e na realización de listaxes de profesionais sanitarixs de referencia, na realización de guías de recomendacións, estadísticas e estudos, así como a execución de todas aquelas cirurxias requeridas.
3. A **inclusión da diversidade sexual e de xénero nos currículums educativos, nos plans de convivencia dos centros, e nos plans de estudo das universidades** para que, dende as primeiras etapas da educación ,se coñeza a diversidade, previndo así todas as situacións de acoso e/ou bullying que se dan nos centros educativos.
4. **Creación dunha documentación identificativa transitoria** para todas aquelas persoas residentes en Galicia, en toda as etapas da vida, que non se sintan identificadas co nome e o xénero rexistral e que non están dentro do ámbito de aplicación da Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
5. Creación dun **Observatorio LGTBI de investigación, control, atención integral e asesoramento xurídico**, que vele polo cumprimento das leis LGTBI, así como da recuperación e mantenemento da memoria histórica da loita do movemento LGTBI galego.
6. **Traballar transversalmente a sensibilación social e a visibilización da comunidade LGTBI a través de plans de formación, prevención e erradicación da LGTBIfobia** para as Administracións Públicas, xs seus traballadores/as, con especial atención xs educadores/as, traballadores/as sociais, persoal sanitario, e corpos e forzas de seguridade.
7. **Realización de plans galegos de fomento do emprego**, autoemprego e de medidas fiscais compensatorias, para a inserción laboral das persoas trans residentes en Galicia.
8. **Fomentar a sensibilación, visibilización, e a participación na cultura, no deporte, e nos medios de comunicación**, así como promover a creación e difusión da cultura e literatura de temática LGTBI.
9. **Creación dun plan de inclusión social que loite contra o estigma e a discriminación das persoas trans, que se atopen en risco ou en situación de exclusión social**, con especial interese naquelas persoas que exerzan a prostitución en contra do seu desexo, inmigrantes, refuxadxs, exreclusxs, persoas afectadas polo VIH (para o que se necesita maior dotación económica o Plan Galego anti VIH/SIDA e outras ITS), etc.
10. **Dotar dun reximen sancionador á Lei Galega de Identidade de Xénero, que recolla específicamente a discriminación, a exclusión social, e todo tipo de violencia**, por mor da identidade sexual e/ou de xénero.